



**Problema303:** Considerando o elemento alcalinotérreo do terceiro período e o segundo elemento do grupo dos halóxenos. Que tipo de enlace corresponde á unión química destes elementos entre si? Escribe a fórmula do composto que forman. Razona a resposta.

a)



b)

O primeiro elemento é o magnesio, un metal alcalinotérreo, o segundo elemento é o cloro un non metal dos halóxenos. Os metais, como o magnesio, tenden a perder electróns para completar a configuración do gas nobre máis próximo. Neste caso perde dous electróns para formar o ión  $\text{Mg}^{2+}$  que ten a configuración do Ne. Os non metais, como o cloro, en presenza de metais captan electróns para completar a configuración do gas nobre máis próximo. Neste caso gaña un electrón para formar o ión  $\text{Cl}^-$  que ten a configuración do Ar. Estes ións, de distinto signo, atraense por forzas electrostáticas para dar unha rede cristalina iónica. Neste caso forman o sal que coñecemos como cloruro de magnesio,  $\text{MgCl}_2$ .